

Bo día,

Chámome Pilar e vou continuar co labor que a profesora Carla estaba a facer convosco. A seguir tedes unhas tarefas para que vaiades facendo nesta semana e mas enviades ao correo electrónico seguinte: pilargalegogalego@gmail.com .

Contactarei con vós para propoñer máis actividades, mais se tedes calquera dúbida sobre estas, poñédevos en contacto a través do correo que vos acabo de indicar.

Grazas pola vosa atención!

Pilar

Lingua Galega e Literatura

1ºESO

Nome e apelidos:

Curso:

Data:

Le amodo este texto e, despois, **responde as preguntas**.

Cando empezou na escola xa levaba algo adiantado. Despois de ensinarlle aquelas voltas de solfexo, o tío Lois foino metendo tamén no silabario, no debuxo de cada letra, no aparte das vogais e das que non o son. (...) O descubrimento da escritura deixouno abraiado. Expresar desa maneira ideas, lerios que bulían no maxín, era como ter chegado a un inmenso país do trinque. Vira poucas cartas que recibía seu pai, pero non era o mesmo ver que facer. El xa podía escaravellar con palabras o que se lle ocorrese. Podía! E niso andaba arreo. En canto papel atopaba, nas paredes, no po do camiño, nos vidros mollados da xanela... Era unha febre de todas as horas.

1. a) Que está aprendendo o protagonista do texto?

b) Quen o axuda na aprendizaxe?

c) Gústalle o que está a facer? Como o sabes? (Anota exemplos)

d) Lembras cando ti aprendías o mesmo? Conta brevemente a túa experiencia.

e) **Localiza no texto e escribe** a palabra ou expresión que corresponde a cada definición:

.....: Libro para aprender a ler que contén palabras divididas en sílabas e tamén sílabas soltas.

.....: De modo continuo, sen interrupción.

.....: Técnica que consiste en ler ou entoar unha composición musical, pronunciando só o nome das notas.

.....: Sorprendido, admirado.

.....: Moi novo, acabado de estrear.

f) A que xénero literario pertence o texto? Razona a túa resposta.

2. Razona si sería posible saber a que **bloque lingüístico** pertencería un falante que dixese o seguinte:

➤ Tu cres que á miña irmá lle van gustar estas cancións? Eu creo que non...

Podes consultar esta ligazón para lembrar as características dos bloques dialectais:

<https://www.slideshare.net/landin/bloques-e-reas-lingsticas-do-galego-noem-paz>

3. Emparella os contrarios das dúas listas, podes consultar o dicionario en liña:

<https://digalego.xunta.gal/>

a) Vaidoso, mentireiro, chafalleiro, asisado, apoucado, faladeiro, extravertido.

b) Sincero, irreflexivo, humilde, coidadoso, introvertido, valente, calado.

4. Marca os **demonstrativos** e **posesivos** destas oracións e o substantivo sublíñao:

– Os nosos pais e mais os vosos avós xa saíron esta tarde para eses apartamentos que lles prestaron os seus amigos.

– Aqueles señores, dos que xa che falei durante a nosa conversa telefónica, chegaron coa súa furgoneta, baixaron estas caixas coas vosas cousas, deixáronas nesa beirarrúa, colleron por aquela rúa e a min nin me dixeron esta boca é miña.

5. Completa con **contraccións dos demostrativos**, procurando non repetilas.

Eu sei moi pouco (de) ... que me estás a dicir agora, o mesmo que (de) ... que me contaches onte. Lémbraсте (de) ... vez que nos atopamos (en) ... cine e me falaches algo (de) ... historias? Pois a verdade é que non pensei máis (en) ... asunto. Ademais eu confío plenamente (en) ... amigas. Si, e (en) ... amigos tamén. Ti acórdaste (de) ... mozos e (de) ... mozas que pasaron o verán nesta casa de aquí? Pois fala con eles!

6. Completa as seguintes palabras con: **i, ll** ou **x**:

burbu...a, in...ección, ...oga, te...ado, pra...a, fa...ado, anto...o, ma...o,r ...ate, ...eso, e...ercicio, pare...a, ra...o, ...enro, apo...ar, pro...ecto, papaga...o, bara...a.

7. Corrixe os **erros** dos **posesivos**:

- Collede vosas cousas e poñédeas enriba de miña mesa.
- Díxenlle a noso amigo que nos espere en súa casa.
- Anda sempre con seu móbil e con súas chamadas!

8. Escribe unha **oración comparativa**:

a) de **igualdade**, na que haxa que usar **coma**.

b) de **inferioridade** coa partícula **do que**.

c) de **superioridade**, con **ca/que**.

9. Define a imaxe seguinte facendo unha **descrición** dos **trazos físicos** e ao mesmo tempo imaxina cal será o **carácter** de cada unha das persoas que aparecen na fotografía. (150 palabras)

